



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Metodoloxía da investigación e da documentación

Departamento: Xestión e actividade profesional

Formación básica

Curso: 2º

1º Cuadrimestre

4 ECTS

Teórico-práctica

Profesor: Antón Pereira Abonjo

anton.pereira@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Coñecementos dos medios e recursos da investigación científica e documental aplicada ó estudo dos bens culturais, así como criterios, métodos e tratamentos de conservación e restauración: Documentación e técnicas documentais. Investigación das fontes e procedementos de cita. Busca bibliográfica. Busca na rede. Técnicas e métodos de investigación científica. O deseño experimental: formulación e valoración dos problemas, formulación e contraste de hipóteses, deseño e desenvolvemento de experimentos, interpretación de resultados e estimación da súa fiabilidade, comunicación científica e fontes de información.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T.2.	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T.3.	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T.4.	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T.5.	Comprender e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T.12.	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T.13.	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T.14.	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T.16.	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T.17.	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X.9.	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X.10.	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e das principais institucións competentes na conservación do patrimonio.

X.11.	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinar.
X.18.	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X.19.	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X.20.	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Acadar un dominio básico das ferramentas de transmisión de información científica especialmente no eido dos bens culturais e no eido da conservación-restauración dos mesmos.	
Coñecer os principais sistemas e métodos de presentación da información e a documentación.	
Acadar Habilidade para o uso de ferramentas informáticas relacionadas coa difusión da información.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Coñecer a teoría do coñecemento e da práctica científica.	
Dominar as ferramentas de investigación científica especialmente no eido dos bens culturais e no eido da conservación – restauración dos mesmos.	
Coñecer os principais sistemas e métodos de presentación e a documentación. Habilidade para o uso de ferramentas bibliográficas de todo tipo.	

UNIDADES DIDÁCTICAS	
Unidade	% no total da materia
1. - Teoría do coñecemento científico - experimental	20%
2.- Investigación científica no eido dos bens culturais	25%
3.- Ferramentas documentais	50,00 %
4.- O proxecto científico na práctica	5%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	22		22
Estudo autónomo		30	30

Traballo tutelado. Estudos de caso, debates e outras actividades.	14	34	48
Total	36	64	100

METODOLOXÍA DOCENTE	
Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral.	Exposición das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesión maxistrais e outras ferramentas aportadas.
Traballo tutelado. Estudos de caso, debates e outras actividades.	Actividades de aplicación dos coñecementos e resolución de problemas e exercicios.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	- Aplicación dos coñecementos adquiridos	50%
Traballo tutelado. Estudos de caso, debates e outras actividades.	- Cumprimento prazos de entrega - Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio - Claridade e eficacia na expresión - Calidade da presentación e participación no debate	40%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula	- Participación - Interese - Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. - Capacidade de organización	10%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ou participación nas clases repercutirá na cualificación (nun 20%, o alumno poderá ser cualificado cun 0 no apartado “observación sistemática”).
- Avaliarase de forma continua e permanente o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, as lecturas, exercicios e traballos entregados no tempo estipulado.
- O alumnado deberá realizar todos os traballos establecidos ao longo do curso. A non presentación



dos mesmos en tempo e forma suporá unha avaliación negativa na convocatoria ordinaria.

- O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- Na convocatoria extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita que poderá conter outros elementos de traballo e probas específicas cando se consideren necesarias para unha correcta avaliación. De cara á avaliación e se se considera oportuno, o profesor proxectará (na tutoría didáctica), os procedementos de recuperación previos á proba escrita, que se realizarán durante o mes de Xullo.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario establecido ó efecto.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Arredondo, S. C., & Rivilla, A. M. M. (2003). *Metodología para la realización de proyectos de investigación y tesis doctorales*. Universitas.
- Baray, H. L. Á. (2006). *Introducción a la metodología de la investigación*. Juan Carlos Martínez Coll.
- Descartes, R. (2004). *Discurso del método* (Vol. 39). M. Caimi (Ed.). Ediciones Colihue SRL.
- Gallardo, M. A. S. (2006). *Metodología de investigación científica. Orientación metodológica para la elaboración de proyectos e informes de investigación*. Barcelona: Consejo Nacional de Ciencias y Tecnología.
- Ramírez, A. (2003). *Metodología de la investigación científica. Exacto Visual, Quito*.
- Sáiz-Jiménez, C., & Rogerio Candelera, M. A. (2008). *La Investigación sobre Patrimonio Cultural*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (España).